

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº46/ Ano: 2022 / 2º xornal Mes de marzo / Estado de guerra en Ucraína

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com

DESCUBRINDO O PARQUE NACIONAL

Boa iniciativa do Parque para coñecer as diferentes Illas que o conforman. A pega que lle poñemos é a escasa cantidade de xente que pode participar nelas. Coidamos que podería ter unha mellor organización. Foto: Voz de Galicia. Páx. 1



CARREIRA PEDESTRE “VOLTA Á ILLA DE ONS”

Despois de varios anos sen celebrarse, este próximo mes de abril veremos aos atletas correr polas diferentes corredoiras de Ons. Tamén haberá unha andaina. Páx. 1



DENDE 1979 HOUBO CAMPOS DE TRABALLO NA ILLA DE ONS

Traemos en hemerÓNSteca a nova da inauguración do Campo de Trballo na Illa de Ons no 1979. Preguntámonos: Por que en Cíes segue habendo e en Ons non? Páx. 2



HOMENAXE A UNHA AUNIENSE SENLLEIRA

O club Golfiños de Bueu homenaxeou a Aurita Reiriz, unha desas mulleres que foron quen, coa vida precaria que se levaba en Ons, de levantar unha familia de seis fillos e traballar case 20 horas diarias. Páx. 3



A XUNTA ABRE UNHA OFICINA PARA ASESORAR SOBRE AS AXUDAS Á REHABILITACIÓN

Interesante iniciativa que poderán aproveitar os veciños de Ons por medio da súa Asociación Veciñal. Páx. 4



ARQUEOLOXÍA

Posible peza arqueolóxica atopada nas proximidades das Illas Cíes. Importante a colaboración das Consellerías M. Ambiente e Cultura para organizar actuacións arqueolóxicas nas illas do Parque. Páx 7



ACHÉGASE O VERÁN

PineirÓns envía a Parques un escrito preguntando por todo aquilo que Ons necesita para estar a punto no verán. Páx. 5

BREVES:

- Novas actividades para a Illa de Sálvora
- Ons na Memoria. Vertedoiro de lixo de Pereiró
- Conto de Taberna. Milagres da auga da Lanzada
- Onstopus está de aniversario
- Ons, un paraíso de lenda

REVISTA AUNIOS

Está a piques de ser entregada a imprenta o nº 27. Páx. 5

O PARQUE NACIONAL ORGANIZA PARA OS MESES DE MARZO E ABRIL AS RUTAS “DESCUBRINDO O PARQUE NACIONAL”

Illa	Data	Ruta	Porto	Prazas
Ons	26 de marzo	<u>Unha illa de nomes</u>	Bueu	20
Cíes	27 de abril	<u>Unha viaxe no tempo</u>	Vigo	20
Sálvora	12 de marzo	<u>Unha illa de esculturas e lendas</u>	Ribeira	20
	19 de marzo	<u>Unha illa de esculturas e lendas</u>	O Grove	20
Cortegada	6 de marzo	<u>O segredo dun bosque no mar</u>	Carril	15
	30 de abril	<u>O segredo dun bosque no mar</u>	Vilagarcía	12

Hai anos que se veñen realizando estas Rutas, agás estes últimos polo parón que supuxo a Covid, e xa temos falado sobre elas e enviado, dende a asociación PineirÓns, suxestións ao Parque con referencia ao número de persoas a participar nelas.

Considerámolas moi interesantes, entre outras cousas, pola época na que se realizan onde as illas teñen un encanto, un colorido e unha tranquilidade especial, o que provoca que a atención aos guías e a visualización do entorno sexa inmemorable.

É por iso que é unha mágoa que a cantidade de persoas a participar, como poden ver na táboa, sexa tan pouca.

No que se refire a Ons, nós pensamos que o ideal sería 3 grupos de 25 persoas por xornada. Poderíanse organizar para realizar as Rutas máis doadas e interesantes a do Sur, a do Faro e a visita guiada ao Centro de Visitantes cunha visualización dunha reportaxe, power point, película,...., sobre outros aspectos da Illa que non van ver nas rutas propostas.

Penso que non se entorpecerían entre elas, coidamos que hai guías suficientes (oficiais, agaias e outros que fixeron os cursos, sen falar cos que poderían aportar as navieiras que se contrataran) e o único problema sería o económico que se resolvería con aumentar un pouco o custo da viaxe para pagar aos guías. Importante a iniciativa pero queda frouxa en participación.



1ª Volta a Ons. Ano 2014. Homenaxe ao gran atleta marinense Manuel Rosales.

CARREIRA PEDESTRE “Volta á Illa de Ons”

Segundo podemos ler na prensa, esta carreira pedestre, despois de tres temporadas sen poderse realizar por razóns varias, este ano celebrárase no mes de abril concretamente o domingo día 24.

É unha proba dura de 19 quilómetros con fortes pendentes como a do Campamento en Pereiró e a das Xabreiras por detrás do que queda do arborado de Chan da Pólvara.

Esperemos que este ano poidamos gozar desta magnífica competición atlética que estará reforzada, para todos aqueles que queiran cun máximo de 75 persoas, dunha andaina pola Illa.

Alí estaremos, polo menos, xa que aos nosos anos o participar vai ser que non, contemplar a proba, dar un paseo pola Illa se o tempo acompaña, ver como está todo por alí e saborear o prato típico de Ons “polbo en caldeirada”.

NOVAS ACTIVIDADES PARA A ILLA DE SÁLVORA

Tamén vimos de ler na prensa que Sálvora terá unha oferta de experiencias de turismo científico e interactivo. Tamén sinalan que o Faro, hoxe automático, acollerá un museo e servirá de aloxamento para investigadores. Para todo iso terá un presuposto de case 1 millón de euros.

Considero a idea interesantísima, pois é algo que vimos pedindo tamén para Ons dende hai tempo cando falamos dun Centro de Visitantes Activo e da necesidade dun Técnico Cultural para Dinamizar todo o traballo que se pode realizar nel.

Estaremos pendentes da realidade do Proxecto e de como se fai a inversión.





ONS NA MEMORIA

Hoxe traemos esta foto do último vertedoiro de lixo que houbo en Ons na zona de Pereiró moi preto do Campamento da Xunta.

Ao longo dos últimos 40 anos a administración buscou o xeito de desfacerse do lixo. A fórmula que buscaron foron os queimadores. O primeiro estivo preto das Xabreiras, logo no camiño que a carón da costa vai a Melide e por último, antes de levalo a terra, este en Pereiró. Fixeron un forno queimador pero non era suficiente e o tractor envorcaba o lixo ao seu carón e, cando estaba cheo, queimábano.

Podedes imaxinar o mundo de ratas que había e que se desprazaban ata o Campamento da Xunta, non?

BECAS DEL MINISTERIO DE CULTURA PARA LOS NIÑOS DE ANCARES

● QUEDAN MAS DE 800 PLAZAS LIBRES EN LOS CAMPAMENTOS JUVENILES DE LA PROVINCIA

VIGO. — (De nuestra redacción).

“Hemos pasado de protagonistas a ser impulsores de la vida campamental”, —indicó ayer tarde el delegado provincial del Ministerio de Cultura, Manuel Crespo Alfaya durante el acto de presentación del programa de campamentos y campos de trabajo juveniles elaborado por el Instituto de la Juventud.

Los responsables de este Instituto de Vigo y Pontevedra, junto al delegado local del mencionado Ministerio, Lalo Vázquez Gil, acompañaban al señor Crespo Alfaya quien al ser preguntado sobre su continuidad en el cargo después de haber presentado oficialmente la dimisión, dijo: “me voy, me voy”.

CINCO MIL NIÑOS DE AMBOS SEXOS EN LOS CAMPAMENTOS DE LA PROVINCIA

Cinco mil niños de ambos sexos de 7 a 13 años participarán en los turnos de 15 días desde el uno de julio al 30 de agosto en los campamentos de nuestra provincia. Las plazas para los mismos han sido ya cubiertas por orden de presentación de las solicitudes procedentes de toda España a través de asociaciones, clubs, colegios y entidades juveniles. Unicamente quedan libres las plazas de promoción que son las siguientes: Campamento de Villanueva de Arosa, de 9 a 13 años, 246; del 16 al 30 de agosto; Campamentos de Forcarey, 125, de 9 a 13 años, del 1 al 15 de agosto, y 185, de 9 a 13 años, del 16 al 30 de agosto y campamento de la Isla de Ons, 300, de 9 a 13 años, del 16 al 30 de agosto.

TRES MODALIDADES

La modalidad primera com-

prende la cesión del emplazamiento más el consumo de energía. Precio por plaza y día, 50 pesetas; segunda, comprende las prestaciones de la modalidad primera más personal de cocina y limpieza y la alimentación. Precio por plaza y día, 260 pesetas y tercera, los servicios enumerados en las dos primeras modalidades más asistencia sanitaria de primeros auxilios y primera medicación, material para el desarrollo de actividades y dirección técnica y de actividades. Precio por plaza y día, 300 pesetas.

CAMPAMENTO DE ESPECIALIDAD

Funcionará un campamento de especialidad de vello libre en La Lanzada, con edades de 15 a 30 años tres turnos del 1 al 22 de julio y veinte asistentes por turno.

CAMPOS DE TRABAJO

Se han establecido en la Isla Sur de las Cíes en la Isla de Ons, el primer turno nacional y el segundo internacional.

ALBERGUES JUVENILES

Con cien plazas en cada uno estarán abiertos los albergues juveniles “Atlántico” y “Altamar” de Pontevedra y Vigo respectivamente.

CAMPAÑA VALIENTE

La campaña de este año fue calificada por el señor Crespo Alfaya como normal y valiente. De las cinco mil plazas de dichos campamentos, 3.000 pertenecen al de Villanueva de Arosa. El de Forcarey funcionará con servicios de camping. Respecto a las instalaciones señalaron los dirigentes del Instituto de la Juventud que son

nuevas en Villanueva de Arosa y en Forcarey. Las del primero de estos campamentos citados serán inauguradas el día uno de julio, por importe de 8 millones de pesetas a las que hay que añadir los tres millones que ha costado el mobiliario. Las de Forcarey suman un millón de pesetas.

En la Isla de Ons se efectuarán campos de trabajo y las casas de valor singular de esta isla por sus características artísticas e históricas serán recorridas por el Ministerio de Cultura. “De las 62 familias que vivían en Ons en 1962, en la actualidad quedan unas ocho que aceptan, según señalaron en las conversaciones que hemos mantenido con ellas, este tipo de turismo organizado, limpio y constructivo” —señaló Manuel Crespo al ser preguntado sobre la sensibilidad de los isleños hacia las visitas de turistas. Puso de manifiesto las facilidades que había aportado ICONA en la cesión de materiales para habilitar zonas de campamento tanto en la Isla de Ons como en la Sur de Cíes.

ESCUELA DE VELA

Reveló el todavía delegado provincial de Cultura que se han iniciado gestiones para crear una escuela de vela en la Ría de Pontevedra. Destacó asimismo las posibilidades de acampada con medios higiénicos que tienen los ayuntamientos de la provincia y a este respecto explicó que había diseñado un plan cuando era titular de la Delegación de Turismo que no llegó a cuajar por la falta de colaboración y respaldas de las corporaciones municipales. Existen para los privilegios para convertirse en recintos, con los mínimos servicios, de recepción de campistas sin alterar el medio ambiente ni

producir las contaminaciónes que se registraron en la Península del Morrazo.

LOS NIÑOS DE LOS

ANCARES, AL

CAMPAMENTO DE

VILLANUEVA

Por gestiones del redactor de “Radio Popular”, Xerardo Rodríguez, 20 niños de Los Ancares que estos días han visto el mar por primera vez en su vida en Vigo, pasarán quince días junto al Atlántico en el campamento de Villanueva de Arosa. El delegado provincial de Cultura prometió conceder otras tantas becas para que estos pequeños, aquejados de bocio en distintos grados, puedan protagonizar en el próximo mes de agosto las gratas vivencias de una acampada.

O MERCOLES, FALLO DO «I PREMIO CASTELAO»

O vindeiro mércores, día 15, terá lugar o fallo do “I Premio Castelao”, para narracións xuveniles, convocado polo colexio do mesmo nome que o gran escritor e artista rianxeiro. Máis de 150 traballos foron presentados a este concurso.

O xurado está formado polos escritores seguintes: Carlos Casares, Francisco Fernández del Riego, Xesús Alonso Montero, Víctor F. Freixanes e Alberto Avendaño.

CAMPOS DE TRABAJO OU VOLUNTARIADO NA ILLA DE ONS

No ano 1979 Cultura, cun bo criterio, inaugurou os Campos de Trabajo na Illa de Ons.

Teño que dicir, xa que os coñecín moi ben por diferentes razóns, que funcionaron dun xeito excelente. Os mozos de entre 18 e 30 anos, tendo que pagar por asistir, ao chegar, poñíanse ao servizo dos responsables de Medio Ambiente na Illa, e cun material moi precario, comparado co que hai hoxe, realizaban un traballo ecolóxico, gratuito, digno do mellor profesional, tendo en conta que a maioría non tiñan nin idea do emprego das ferramentas que lles poñían nas súas mans.

Non digamos o labor realizado durante anos na extinción dos incendios que asolaban Ons de norte a sur todos os veráns, algúns ata arriscando a súa vida traballando contra o lume de noite e sen coñecer a Illa.

Pois ben, a **D. Xeral de Xuventude** e Parques, agradécellelo, deixando a Ons sen Campos, hoxe chamados de Voluntariado, durante o verán, sen embargo, as Cíes, dispoñen deses Voluntarios durante toda a etapa estival. **VAIA DISCRIMINACIÓN.**

O medo que lle teñen na Xunta ao Sr. Caballero!!!

HemerONSteca

Traio esta nova a esta sección pois considéroa importante para ver como Cultura no ano 1979 comezaba cos Campos de Trabajo na Illa de Ons que aportaron unha importante man de obra no labor de conservación medio ambiental nun intre no que Ons quedaba sen veciños no inverno e que no verán as terras, antes de cultivo, convertíanse en material inflamable por mor da desidia da administración ao non ofrecer os servizos e material necesarios para que isto non ocorrera.

El Pueblo Gallego 6 de xuño de 1979

HOMENAXE A UNHA AUNIENSE SENLLEIRA

HOMENAXE A AURITA

O pasado venres día 11, tiven a honra de asistir á homenaxe que o Club Golfiños de Bueu rendeu a Aurita Reiriz Otero como bueuesa senlleira.

Foi un acto sinxelo pero moi emotivo, onde vimos a unha Aurita que aos seus 85 anos, estaba en plena forma e non dubidou en contestar ás preguntas que lle fixeron, e onde tamén, como boa cantareira e pandereiteira que foi, cantou unhas coplas con ese estilo auniense que as caracteriza e as fai únicas.

O público asistente ao acto non parou de aplaudir as ocorrencias de Aurita así como ás súas cantigas. Houbo unha boa asistencia aínda que, para un acto tan interesante cara a unha veciña de Ons, a cantidade de aunienses que asistiron non foi a que eu esperaba para unha homenaxe a unha muller tan querida.

Golfiños editou un pequeno libriño onde a carón de contar a vida de Aurita, hai unha serie de interesantes artigos que fan doada a lectura das súas 98 páxinas.

Ao saber o coordinador do libro, Jose Manuel Dopazo Entenza, a miña relación tan fraternal con Aurita e a súa familia, pedíume que escribira unhas letras sobre a homenaxeada e que aportara algunha foto das primeiras épocas de estancia na Illa en relación coa familia de Aurita e Miro.

Non o dubidei, Aurita foi como unha nai para min nos primeiros anos de estancia e, xunto coa familia do seu irmán, Manolo e Lucía, e coa nai de ambos Juanita Otero foron os meus principais relatores en todo o que se refire á Cultura Popular desta engaiolante Illa.

Na súa casa nunca faltaba o quiñón que lles levaba todos os días despois de horas de pesca submarina, e tampouco faltaban na miña patacas, cebolas, ovos,... Recordo as noites de exposición de diapositivas sobre a Illa que lles poñía e as centos de historias de xurdían ao contemplalas. As papadelas na súa casa para ensinarme a cocinar as caldeiradas de polbo, peixe, choco,..., e ata aqueles saborosos coellos que, a centos, había na Illa e que, Bobi, o can de Manoliño cazaba e nos traía vivos.

Aqueles saborosos ovos mesturados con pan de millo cos que nos deleitaba despois dunha tarde cargando patacas, millo,..., e ata leña do piñeiral para ter combustible na casa para a dura inverniá. Todo un mundo de recordos que lles debo a eses aunienses e, en especial a Aurita e a súa familia.

V HOMENAXE

BUEUESA SENLLEIRA



AURITA REIRIZ OTERO



CENTRO SOCIAL DO MAR
VENRES 11 MARZO 2022
20.00 H.



AÑA 4

FAIXITE DE DESIDENTIDADES FEMININAS DE BUEU



NUM 4
MARZO 2022

Foto dereita arriba: Cartel da homenaxe.

Foto dereita medio: Portado do libriño Aña nº 4

Foto dereita abaixo: A primeira folla do meu artigo, do que teño que dicir que cometín unha errata ao poñer 5 fillos cando en realidade foron 6.

Foto esquerda: Intre no que o coordinador do Club Golfiños entrega a Aurita un ramo e o libro da homenaxe.



AÑA 4

Aurita Reiriz, unha nai na Illa de Ons

Celestino Pardellas de Blas (Tinón)



Familia de Aurita e Manolo Reiriz, no Caño. Arquivo Tino Pardellas.

Cando cheguei a Ons por primeira vez e decidín pasar alí todo o verán, no ano 1975, as primeiras familias que coñecín e coas que fixen unha amizade familiar, considerándoas debido á miña idade como uns pais/nais para min, foron a de **Manolo Reiriz-Lucía Sampedro e Ramiro Otero-Aurita Reiriz**.

Montei a tenda de campaña no barrio do Caño, nun terreo onde ao norte estaban as casas de Manolo e da súa nai Juana e ao oeste a de Aurita.

Aurita era e é unha persoa cariñosa, cordial, familiar, entrañable... coa que pronto se conxenaba. A porta da súa casa estaba aberta a todos e, con ela e con toda a súa familia, pasei momentos inesquecibles.



CONTOS DE TABERNA

OS MIRAGRES DAS AUGAS DA LANZADA

Recordo que as xentes de Ons eran moi devotos da Virxe da Lanzada e nunca faltaban, o último sábado de agosto, á súa romaría.

Fai pouco déuseme, nos días de Entroido, por realizar a “Ruta da Compañía” en Noalla. Esta ruta parte do Cruceiro de Faro e vai, por pequenas corredeiras e sendeiros, ata a ermida, seguindo o itinerario que, contan os aunienses e noalleses, sigue a Santa Compañía antes de dirixirse á Illa de Ons.

Ao chegar ás inmediacións da ermida, parei para contemplar as últimas escavacións que fixeron no lugar e que seguen aportando interesantes datos para coñecer a historia deste castro. Logo observei os restos da fortaleza, visitei a ermida e xa por último decidín dar unha volta polas rochas que rodean a pequena península sobre a que se atopa a ermida e onde se realizan un bo número de ensalmos e rituais co fin de curar case todo tipo de doenzas que pode padecer unha persoa.

Entre elas, a da fertilidade era a que máis lles chamaba a atención aos aunienses que contaban, que nas rochas da ermida, mirando cara a Illa, había unha pedra coñecida como a “*cama dos quiquis*” onde, segundo parece, as parellas que non eran capaces de ter descendencia, tiñan que realizar alí, como diría Chiquito da Calzada, as “*guarrerías sexuais*”, para poder conseguilo; sen esquecerse logo de ir cara á praia e, despois das faenas de lóxica hixiene, quedar a muller a recibir as nove ondas que lle golpeasen o baixo ventre.

Pois ben, cando me atopaba por esa zona, déuseme, debido á calor dese día, por botar auga sobre a miña xa pelada *cocorota* e, aí tendes o resultado, unha <super melenasa> ao máis puro estilo Boris Jhonson. A alopecia tamén se cura na Lanzada.

La Xunta abre una oficina para asesorar sobre las ayudas a rehabilitación

Se dará información sobre los fondos europeos destinados a reformar viviendas

REDACCIÓN
SANTIAGO

La Xunta pone en marcha una nueva oficina de rehabilitación de vivienda con el objetivo de “garantizar” que las ayudas de los fondos europeos lleguen al “mayor número de beneficiarios”.

El nuevo centro se ubicará en Santiago, al lado del Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS). Tendrá un horario de 9,00 a 14,00 horas y se atenderá tanto en persona, aunque con cita previa, como a través del número 881 045 897.

La Xunta resalta que la oficina tratará “única y exclusivamente” las ayudas de los fondos europeos. La conselleira de Medio Ambiente, visitó ayer la nueva oficina junto al director del IGVS, Heriberto García, y al delegado territorial de la Xunta en A Coruña, Gonzalo Trenor.

Allí, la conselleira explicó que el fin de las nuevas instalaciones es “darle a conocer a todos los gallegos las nuevas ayudas”.

Serán 14 los profesionales que trabajarán para “atender las consultas de ayuntamientos, particulares y entidades con relación a las diferentes líneas de ayuda de los fondos europeos”, tal y como explicó la conselleira.

Líneas de subvenciones

En concreto, en la oficina se informará sobre: las ayudas a nivel de barrio, dotadas de 22,9 millones de euros; a nivel de edificio, con el mismo presupuesto que las anteriores; para la redacción de proyectos y elaboración del libro del edificio, con 3,4 millones; para la reconstrucción o rehabilitación de viviendas de alquiler social en edificios energéticamente eficientes, con 16,1 millones; y a nivel de vivienda, con 13,5 millones.

Las ayudas para vivienda son las únicas que ya están convocadas y se podrán solicitar hasta el próximo 14 de octubre. Dicha subvención cubrirá pequeñas obras de eficiencia energética, centradas en el cambio de ventanas.

La conselleira de Infraestructuras definió las ayudas como una “oportunidad única” para Galicia y destacó que la comunidad gallega ha sido “de las primeras que está sacando todas las líneas”.

A XUNTA ABRE UNHA OFICINA PARA ASESORAR SOBRE AS AXUDAS Á REHABILITACIÓN

Así nun principio soa moi ben, xa que, Pineiróns e a propia Asociación veciñal de Ons, pedimos que se faciliten os trámites para que, neste caso, os veciños da Illa, poidan solicitar as Axudas ou Subvencións que saen para arranxos nas súas vivendas de Ons.

A pena é que pon que só se habilitará esa oficina para “as axudas dos fondos europeos” é dicir, outro tipo de axudas, que algunhas veñen da propia Consellería de Medio Ambiente como as da Área de Influencia do Parque, non serán atendidas.

Unha pena que se perderan os diferentes ARI por non ter asesoramento, ao igual que outras que xorden anualmente e que podemos ler no DOGA. Como xa teño dito, coido que sería importante que o Concello de Bueu teña unha persoa para asesorar e ata prepararlles as solicitudes aos aunienses, co fin de que esas axudas non se perdan e faciliten, a carón de conseguir unha mellor arquitectura mariñeira na Illa, a súa tramitación. Supoño que para iso terán competencias, non?

Aínda estamos á espera de que se realice un bo estudo de todas as casas aunienses para coñecer as súas necesidades de todo tipo.

AUNIOS

Nº 27

MAIO 2022



Portada do nº 27 de AUNIOS.
Está sen preparar de xeito profesional
pola imprenta.

REVISTA CULTURAL “AUNIOS” Nº 27

Xa estamos a piques de entregar á imprenta o nº 27 de AUNIOS, revista cultural con amplo contido sobre a Illa de Ons e que anualmente edita a Asociación Cultural “Pineiróns”.

Neste próximo número, sobre Ons, temos interesantes artigos, onde unha boa parte deles, intentan dar a coñecer as características desta Illa para que investigadores cualificados vexan en Ons un campo virxe de estudo.

Nela poderemos ler interesantes artigos como:

- Unha posible batería de costa na zona de Cova do Lobo.
- Sobre a posible existencia en Ons dunha telleira.
- A segunda parte do Entroido na Illa.
- O campismo en Ons na zona de acampada de Chan da Pólvora.
- O inicio do Campismo en Melide.
- Sobre o Campamento Evanxélico dos anos 79-80 na Illa
- Homenaxéase desta a Staffant Mörling.
- Sobre o por que a Santa Compañía vén de Noalla.
- Ons, micoloxía e desenvolvemento natural.
- Segunda parte de A Bordo do Abrakadabra.

Interesantes artigos que levan a sinatura de Calo Lourido, Otero Acuña, Pardellas de Blas, Juan Castiñeiras, Fernando Trigo, Roberto Ledo, Sánchez Cidrás, Dopazo Entenza, Álvaro Díaz e Maracaibo.

Dicir que para o ano que vén Pineiróns cumpre as súas vodas de prata, 25 anos realizando actividades, na medida das súas posibilidades, e dando a coñecer as importantísimas peculiaridades da Illa de Ons e os pobos da súa contorna máis próxima.

Esperamos que, para o 2023, AUNIOS teña unha tirada especial para conmemorar eses anos de traballo.

ACHÉGASE A ETAPA ESTIVAL


Como todos os anos por estas datas, a asociación Pineiróns envía unha serie de escritos e informes á Consellería de Medio Ambiente e ao Parque para preguntar por diferentes temas e dar as súas suxestións con vistas ao verán.

A principios de marzo enviou á Dirección do Parque un escrito onde lle facían varias preguntas sobre temáticas importantes en relación coa etapa estival que está a tres meses de comezar. Entre as máis significativas están:

- Haberá posto de Primeiros Auxilios durante a Semana Santa e no verán.
- No verán este posto seguirá sendo de xeito permanente?
- Puxéronse a arranxar as depuradoras como prometerá a Directora Xeral de Patrimonio Natural o pasado ano?
- Agora que están soterrando o tendido eléctrico ata o Campamento, aproveitarán para seguir coas rodeiras que quedaron, hai 40 anos, paradas ao principio do barrio de Pereiró?
- Buscaron unha solución axeitada para que os veciños de Ons de máis idade podan solicitar o billete para ir á Illa?
- Pecharan a baixada á praia de Canexol, despois de falalo cos veciños da zona, para evitar o deterioro das dunas e protexer a flora?
- Arranxarán os camiños que estean deteriorados despois do inverno?
- As fontes recibirán a visita de Sanidade para informar da súa potabilidade? E de non ser potables, buscarán solucións?
- Saberemos a programación do Centro de Visitantes antes de comezo de verán para que os turistas que lles interese poidan programar a súa visita?
- Haberá unha campaña de reforestación da Illa despois de tanta corta?
- Buscarán unha solución á pasarela á praia de Area dos Cans para as persoas en cadeira de rodas?
- Haberá máis traballos arqueolóxicos despois dos bos resultados da campaña de 2021? Coñeceremos os resultados neste ano?

Estes son os que consideramos puntos importantes para o verán 2022. Dende logo que pode que algún tema quedara esquecido, pero teñan por seguro que de xurdir, porémolo en coñecemento da Consellería de Medio Ambiente.





Este invierno, Ons se quedó por primera vez solitaria desde su repoblación en 1818.

Un paraíso plagado de leyendas

La oferta incluye desde "polbo á eira" hasta discoteca

Las islas de Oris—Ons y Onza—constituyen un lugar encantador donde los amantes de la vida tranquila pueden ir a disfrutar plenamente. A una hora de Bueu en barco, cierran la salida de la ría de Pontevedra, defendiéndola de los temporales.

SUSANA BASTON

Ons

Para todo aquel que se decida recorrerla, hay que tener en cuenta que Ons, con una longitud de cinco kilómetros y un ancho

de kilómetro y medio, está formada por una cadena de montes de cumbres suaves y redondeadas —la antítesis del alpinismo, no vengas a practicarlo aquí— cuya mayor altura, 119 metros, se encuentra en Punta Centolo o Cova

da Vella.

Camping y playas

Si te gustan las aguas "refrescantes" ven a Ons. Entre la punta del Castelo y del Capizo se extienden las playas más importantes: Pereiro, también llamada Playa das Dornas porque se encuentran amarradas esas simpáticas embarcaciones típicas de las Islas; siguiendo por la costa que da la cara a la ría de Pontevedra están también las playas de Canexol, Area dos Cans y Melide, actual playa de nudismo. Pero lo importante es no olvidar que las aguas están un poquito frías.

La cara exterior de la ría apenas cuenta con playas ya que es un lugar rocoso, lleno de cuevas, donde bate mucho el mar. Tan sólo cuando baja la marea se puede ver un poquito de arena.

Hay aquí dos zonas de acampada gratuitas y dos campamentos, uno de niños de siete a quince años organizado por la Consejería de Cultura y un campo de trabajo. Este campo está formado por chavales que vienen a la isla quince días pagando un total de cinco mil pesetas. Se dedican por la mañana a limpiar la maleza y a abrir los caminos que se han ido cerrando para que la gente otra vez pueda pasar por ellos. Los campamentos están abiertos del uno de julio al treinta de agosto, con cuatro turnos de quince días. Hay también un campamento evangélico.

La vida de la isla

En la zona del "Curro", barrio central de la isla y muy cerquita del muelle, es donde se encuentra localizada la vida de este lugar. Bares, supermercado, restaurantes e incluso una pequeña discoteca dan a la isla un aire de fiesta. En sitios como "O que faltaba", "El nativo", "Casa Checho"

y "Casa Acuña" se puede probar el "polbo" junto con otras especialidades pescadas en las típicas dornas del lugar.

Hay un dato curioso, en Ons no hay tendido eléctrico. La luz se produce mediante un generador y funciona desde la una de la madrugada a las tres de la tarde y desde las nueve de la noche hasta la una. Los bares tienen generador propio. Hay un sólo teléfono público y emisoras con la Xunta y con los barcos. El tema de la Sanidad está cubierto con el médico del campamento.

Un poco de historia.

La isla de Ons estuvo deshabitada durante largo tiempo, aproximadamente hasta el segundo decenio del siglo pasado. En el año 1818, tres familias llegadas de Loira de apellidos López, Piñeiro y Comesaña se establecieron en la zona sin permiso de nadie.

La primera partida de Bautismo, encontrada en los libros parroquiales de Beluso data del año 1914 y corresponde a una niña llamada María Estévez Comesaña. Desde aquel momento hasta hoy los mismos apellidos se repiten una y otra vez entre los vecinos de Ons. La población ha disminuido en la isla de tal modo que de los 530 habitantes con que ésta contaba en el año 1955 quedaban en el 70 unos 369 y 195 en el 75, repartidos en 36 familias de los que en la actualidad únicamente una pequeña parte habita en la isla temporalmente durante los meses de verano, pasando el invierno en alguno de los pueblos de la costa, generalmente en Bueu.

En el presente año, por primera vez desde su repoblación nin un solo vecino inverna en la isla.

La historia de la isla de Ons se remonta a los días de los Castros existiendo en en la actualidad dos, el Castelo de Mouros y "O

Coto da Cova do Lobo" donde al parecer se encontraron restos de viviendas. Existen restos visibles de dos castillos medievales. Su situación estratégica cerca de la playa de A Lanzada, su historia y la riqueza de su suelo hizo que fuera objeto de múltiples asaltos y acometidas por lo que sus moradores se vieron obligados a abandonarla alrededor de 1611.

Hasta el 1943 la isla perteneció a Didio Riobó año en que fue expropiada por el Estado tras el suicidio de Don Didio acusado de masón y perseguido a consecuencia de la Guerra Civil.

Ons y sus leyendas

Uno de los sitios que se pueden visitar en Ons es "A laxe do crego". Se cuenta que fue en este lugar donde enterraron a un crego de la isla. Todavía hoy se puede ver la tumba que está descubierta, ya que la losa que la tapaba con el temporal fue a parar a la playa. Un señor de la isla la recogió y se propuso hacer una "lareira", pero tuvo miedo. Hoy en día se utiliza de asiento.

Otra leyenda es la "do chan da pólvora", donde actualmente se acampa. Se cuenta que hay enterrados tres barriles uno de veneno, otro de oro y otro de pólvora.

También en Ons había "Santa Compañía", que viniendo de A Lanzada, desembarcaba en la playa de Melide y se acercaban hasta el camposanto.

Y el mar

La relación con el mar es intensa, como todo archipiélago. En otro lugar típico, "o buraco do inferno" —un enorme agujero desde donde se escucha el mar—, nos cuenta una isleña que "cuando desaparecía algún percebeiro se venía en procesión hasta aquí y se tiraban velas pidiendo que se encontrase su cuerpo".

EN PLENA CORENTENA

Cesáreo preparándose para o Gran Premio de Motociclismo "Sálvora 2020"
Os camiños e corredoiras de Ons, serven a Cesáreo para adestrarse para esta importante carreira.

Ons na Memoria: Peirao no ano 1979 Páx. 2

VECIÑOS E ONS Á ESPERA

Os illáns agardan que remate pronto esta pandemia para xuntarse de novo nas súas célebres papadelas nos bares da Illa.



"PineirOns" á espera de sacar o nº 25 da súa revista cultural AUNIOS. Páx.2

AUNIOS



Cando remate a corentena, seguiremos coa nosa loita. Así fala a Directiva dos veciños de Ons. Páx. 2



Facendo Dornas en época de corentena na Illa de Ons. Cesáreo un veciño polifacético. Páx. 2

Arturo Sánchez Cidrás, narra no seu Blog a "Crisis médica en xeral e Illa de Ons - 1884-87 - Epidemia - II" <http://acidras.blogspot.com/>

Páx. 3

No vindeiro mes de abril, Onstopus, cumprirá 2 anos, con 46 exemplares editados.

Esta idea naceu hai xa máis de 30 anos, cando un grupo de amigos que pasábamos o verán en Ons, nunha desas sobremesas longas, no Pazo de Juanjincán na baixada a Area dos Cans, acompañados duns chupitos de caña, tivemos a idea de sacar adiante un pequeno xornal dunhas 4 páxs (A4), contando en clave de humor anécdotas de verán na Illa. Ata lle puxeramos nome: "A Voz do Cucorno".

Chegamos a escribir unhas cantas páxinas, pero non chegou a fraguar como queríamos.

Fai pouco, nunha reunión dos Camawaiianos aunienses, tamén xurdiu o tema, pero tampouco foi adiante.

Tivo que ser por mor da corentena obrigatoria causada pola Covid, que decidín levar a cabo esa idea que tantos anos atrás tiveramos, e así naceu Onstopus.

Non sabía o que ía saír nin ata onde podía chegar. Considerei que podería ser, tal como o programaramos daquela, contar historias humorísticas, pero paseniñamente dinme conta que tamén podería albergar pequenas noticias sobre temas puntuais, historias doutros tempos, suxestións para os organismos que xestionan a Illa,..., fotos e así foi medrando Onstopus, intentando sempre que a fotografía e o colorido foran parte importante do xornal.

É un entretemento que seguirá adiante mentres poida, por mor da boa acollida que ten.

Na foto a primeira portada de Ontopus, o nº 0, que saíu a principios do mes de abril de 2020. Recordar que tendes todos os números nesta dirección, grazas á amabilidade e ao excelente traballo de Arturo Sánchez Cidrás:

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

ARQUEOLOXÍA SUBMARINA

<POSIBLE PUNTA DE LANZA NAS AUGAS PRÓXIMAS ÁS ILLAS CÍES>

Cando estaba a piques de pechar este número o día 16 de marzo, recibín unha nova do meu amigo Alvarito, auniense consorte, que me enviaba unha peza que viñera no aparello de pesca cando faenaba nas proximidades de Nerga e Barra, a tiro de pedra das Illas Cíes.

É un fragmento, parece de ferro, que simula a punta dunha lanza ou frecha de tamaño da palma dunha man, como podemos apreciar na foto.

Como debe ser, Alvarito, non a devolveu ao mar nin a levou para gardar na casa; ao chegar a terra, entregouna na Confraría de Cangas e alí a bióloga encargouse de poñer o achado en coñecemento dos arqueólogos.

Aínda que o descubrimento non tivo lugar nas augas de Ons, considero que é importante traelo a Onstopus, debido á súa proximidade ás Illas Cíes, para que, dende os organismos oficiais, se dean conta que as augas que bañan as Illas pertencentes ao Parque Nacional galego, teñen unha importancia biolóxica pero tamén histórica e arqueolóxica á que hai que dedicarlle tempo e presuposto.

Penso que unha boa idea, debido aos importantes descubrimentos arqueolóxicos que se están a producir nas illas do Parque, que as Consellerías de M. Ambiente e Cultura, teñan as reunións que fagan falla para programar e organizar accións conxuntas no ámbito histórico, arqueolóxico e tamén etnográfico nas illas do Parque Nacional.

